

Reunión Concello – ANPA

O pasado 21 de abril, unha delegación do ANPA Brigantium, entrevistouse coa Alcaldesa e a nova Concelleira de Educación do Concello de Betanzos., a quen lle recoñecemos o interese mostrado polas inquietudes que o ANPA puxo enriba da mesa.

A continuación extractamos o máis relevante dos compromisos alcanzados:

- (Estado das deficiencias contidas no informe presentado pola ANPA á Alcaldesa en novembro de 2009). A día de hoxe corríxíronse 8 das 29 deficiencias presentadas. O Concello amañará o resto das deficiencias no verán.
- A Alcaldesa mediará diante da Consellería de Educación para que non se repita, o vindeiro curso, a situación de desatención que sofren os nenos que necesitan atención educativa especial.
- Programa de Madrugadores. O Concello considera razoable facerse cargo deste servizo para o curso 2010-2011, polo que estudará a súa viabilidade.
- O custe do Comedor está por riba da media galega (1,44€ máis por menú). O Concello estudará a posibilidade de establecer axudas que nos acerquen á media galega.
- Confirmación da realización de campamentos de verán por parte do Concello, tendo a intención de que comecen no mes de xuño, xusto despois de rematar o curso.
- Novo colexio de infantil (0-3 anos). Compromiso adquirido cos responsables da Xunta de Galicia de que estará en funcionamento ao longo do 2011.
- Novo colexio de infantil (3-6 anos). A pesares de non ter, aínda, os terreos cedidos á Xunta de Galicia, a Alcaldesa comprometeuse a que no 2011 comece a execución da obra.

(ven da columna anterior)

- A Alcaldesa intercederá diante da Consellería de Educación da Xunta de Galicia para que considere, como excepcional, a situación do CEIP, por mor da súa masificación (para o curso 2010-2011 as previsión de matriculación superan os 900 alumnos)

O que se demanda da Xunta é que mentres non se constrúa o novo colexio se lle asine ao Vales Villamarín, temporal e excepcionalmente, unha aula máis por ciclo e 1 administrativo máis para o centro. Actualmente só hai un e debería haber dous (1 por cada 400 alumnos)

(A xunta directiva do ANPA trasladará, ao seus socios, o resto dos 18 temas tratados na próxima asemblea xeral)

VIII Torneo Interclases no CEIP Fco. Vales Villamarín

Nas tardes da primeira quincena do mes xuño celebrarase, dentro das instalacións do colexio a 8ª edición do Torneo Interclases.

O obxectivo deste torneo é reforzar os lazos entre os compañeiros de aula, así como incentivar a súa motivación para facer cousas en común, ao tempo que saudables.

Poden participar neste torneo todos os nenos e nenas de Primaria, que cursen estudos no Colexio.

A inscrición é totalmente gratuíta. Todos os nenos que queiran participar deberán **dirixirse ao seu TITOR, antes do 12 de maio.**

As modalidades nas que se compite son: baloncesto, fútbol sala, bádminton, tenis de mesa, atletismo e ciclismo.

Agradecemos a todos os pais que animedes aos vosos fillos/as a participar desta festa deportiva que rematará o sábado 12 de xuño.



Compromiso do Concello coas Actividades Extraescolares

O pasado 9 de abril a xunta directiva da ADC Vales Villamarín reuniuse coa Alcaldesa de Betanzos cun dobre propósito, por un lado darse a coñecer diante do novo equipo de goberno e, por outro, ratificar os acordos conquiridos co anterior Concelleiro de Educación, Cultura e Deportes do Concello, Pedro Gómez.

Nesa reunión María Faraldo ratificou e asumiu ditos acordos como parte da xestión do seu goberno.

Os compromisos resúmense da seguinte maneira:

- Firma do convenio 2009-2010 por 8000€, cunha partida de 5000€ a ingresar en abril e o resto no mes de xuño.
- Doazón de material deportivo para a ADC.
- Mellora da limpeza do pavillón (punto peor valorado polas nais/pais na enquisa levada a cabo pola ADC)
- Acondicionamento do almacén que a ADC ten dentro do colexio e que se atopa inservible dende o mes de outubro polas filtracións de auga que aparecidas e polo posterior derrube do teito.
- Reparación da porta de acceso ao pavillón polos vestiarios, destruída nun acto vandálico no Nadal.
- Reparación de goteiras no pavillón
- Reparación da canalización que dá lugar aos malos olores dentro do pavillón
- Mantemento por parte do Concello das actividades de Teatro e Informática, cara ao 2010-2011.
- A falta doutras instalacións para patinaxe, adaptárase mellor o patio cuberto, aproveitando as obras de pintado interior (a ADC solicitou cambio de chan por un máis lizo, así como a substitución das portas de madeiras por outras metálicas).
- **Todas as obras serán levadas a cabo no verán, como máis tardar.**

O Consello Escolar de Galicia non aproba o “novo decreto” do galego”

O Consello Escolar de Galicia, no que están representados a Administración, os profesores, os centros privados, as confederacións de ANPAS, os movementos de renovación pedagóxica, os concellos, a Universidade e incluso as organizacións empresariais, entre outros, solicitou por 24 votos a favor e 16 en contra a devolución do decreto do galego. Os votos en contra se concentraron nos membros da Administración, as ANPAS privadas ou patronais privadas.

CONFAPA-GALICIA, que presentou unha emenda á totalidade, síntese satisfeita pola decisión do Consello que, aínda que ten unicamente carácter consultivo e como consecuencia non vinculante, é un toque de atención para a Consellería de Educación.

“Nota publicada (8 de abril, 2010) na páxina web de CONFAPA GALICIA, confederación á que pertencemos como ANPA”



O Valedor do Pobo de Galicia admitiu a trámite a queixa do ANPA en relación á falta de mestres de apoio (PT+AL) ao considerar que atopa, en principio, cobertura constitucional e promoverá unha investigación sumaria e formal ante a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o esclarecemento dos feitos.

MARCADOR CESION TERREOS	
ANOS	MESES
3	3

Este marcador irá contando, mes a mes, o tempo transcorrido dende que o Concello decidiu expropiar os terreos para o novo colexio de infantil ata que os ceda á Xunta de Galicia

ATENCIÓN !

Cobro dos cheques COMEDOR (Decembro 2008-Xuño 2009)

- O **xoves 27 de Maio**, procederase ao pago das axudas de comedor otorgadas pola Xunta de Galicia.
- O lugar de entrega dos cheques será no Salón de Actos do colexio en horario de **17:00 a 19:00**

Documentación necesaria:

DNI da persoa que solicitou, por escrito, o servizo de comedor ou,

Autorización escrita indicando o nome e DNI, tanto da persoa que vai a retirar o cheque como da persoa que autoriza (solicitante do servizo de comedor)



Ánimate a facernos suxestións ou queixas a través do noso enderezo electrónico
e-mail: anpabrigantium@gmail.com

Visita o noso Blog:
<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>